

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 15 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para a plurianualidade do ano 2010 para axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) procedeuse á convocatoria de varias liñas de axuda do Igape, entre outras, a liña de axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica nas pemes (procedemento IG103), cun crédito dispoñible de 3.500.000 € na anualidade de 2010.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda e na procura da efectividade desta liña, parece oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Ampliar en 2.000.000 € o crédito dispoñible na anualidade 2010 para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103), ao abeiro da base reguladora das axudas do Igape ao investimento empresarial, con cargo á partida orzamentaria 02.02.E2/10/03-656700 dos orzamentos do Igape.

Con esta ampliación a suma total do crédito dispoñible para o exercicio 2010 é de 5.500.000 €.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

TRIBUNAL DE CONTAS (SECCIÓN DE AXUIZAMENTO- DEPARTAMENTO PRIMEIRO)

Edicto.

Por medio deste edicto faise público, para lle dar cumprimento ao acordado pola conselleira da Sección de Axuizamento do Tribunal de Contas, por providencia con data vinte e nove de setembro de dous mil nove, ditada no procedemento de reintegro por alcance nº A91/09 do ramo de EE.LL. (Concello de Cospeito), provincia de Lugo, que neste tribunal se segue xuízo contable con motivo de presuntas irre-

gularidades na xestión económico-financeira da citada corporación, como consecuencia da falta de xustificación de determinados pagamentos realizados a funcionarios que puidesen xerar un prexuízo aos fondos públicos, o cal se fai saber coa finalidade de que os legalmente habilitados para o mantemento ou oposición á pretensión da responsabilidade contable poidan comparecer en forma nos autos dentro do prazo de nove días.

Madrid, vinte e nove de setembro de dous mil nove.

Carlos Cubillo Rodríguez
Letrado secretario

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 30 de setembro de 2009 pola que se crean os ficheiros de Vixilancia e control de accesos e de Xestión de usuarios dos servizos do Laboratorio de Análise de Radiacións como ficheiros de datos de carácter persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante a disposición xeral correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 e resolucións posteriores.

A implantación efectiva de medidas de seguridade e a realización de novos servizos ou actividades fan aconsellable a creación de novos ficheiros de protección de datos que se engaden aos xa existentes.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

DISPOÑO:

Primeiro.-Créanse os ficheiros de Vixilancia e control de acceso e de Xestión de usuarios dos servizos do Laboratorio de Análise de Radiacións. A súa descrición contense no anexo desta resolución, indicando o nivel de medidas de seguridade, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da

Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segundo.-Os ficheiros que se indican no anexo rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Terceiro.-A aprobación desta resolución non supón a supresión de ningún ficheiro de datos de carácter persoal, polo que non é necesaria a aplicación do disposto no artigo 20.3º da LOPD.

Cuarto.-Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, poderanse realizar cesións sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de lles remitir datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na lei.

Quinto.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

*Ficheiro nº 20: [Vixilancia e control de accesos].

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para este:

A finalidade do ficheiro é velar pola seguridade das instalacións mediante controis de acceso e videovixilancia.

Os usos previstos serán a seguridade e o control de acceso a edificios e instalacións da USC.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou resulten obrigados a subministralos:

-Persoal que acceda a edificios e instalacións da USC con sistemas de acceso e control informático e por videocámaras.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

-Captación mediante sistemas informáticos e videocámaras.

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

-Sistema de información que poderá integrar recursos automatizados e gravacións en soporte analóxico ou dixital.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, de ser o caso, transferencias de datos que se prevexan a países terceiros:

-Autoridades administrativas e xudiciais cando se constate a comisión de infraccións administrativas ou delitos.

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro:

-Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.

Rúa Nova 6, 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

g) Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Secretaría Xeral da Universidade de Santiago Colexio de San Xerome, praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel exigible:

Nivel básico.

*Ficheiro nº 21: [Xestión de usuarios dos servizos do Laboratorio de Análise de Radiacións].

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para este:

Ficheiro para a xestión de persoas físicas e xurídicas interesadas en que o Laboratorio de Análise de Radiacións (LAR) lles oferte os seus servizos e asesoramento e para a utilización estatística dos resultados das medicións efectuadas en publicacións científicas e congresos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou resulten obrigados a subministralos:

Usuarios do Laboratorio de Análise de Radiacións (LAR).

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Formularios, tramitación electrónica e enquisas.

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

Base de datos de carácter identificativo dos solicitantes do servizos e asesoramento e dos resultados das análises.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, de ser o caso, transferencias de datos que se prevexan a países terceiros:

Non se prevén cesións de datos.

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro:

Vicerreitoría de Investigación.

Colexio de San Xerome, praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

g) Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Laboratorio de Análise de Radiacións (LAR), rúa Xaquín Díaz de Rábago, 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel exixible:

Nivel básico.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 19 de outubro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 8 de setembro de 2009.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, pola Orde do 8 de setembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 181, do 15 de setembro), de conformidade co disposto no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto legislativo.

Esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 8 de setembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 181, do 15 de setembro).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, e seleccionar a persoa que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual da persoa que obtivo praza producírase no prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao día da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días hábiles a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a pesoa preste servizos, ou dun mes se

radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e o disposto na base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, se é o caso, lle foran concedidas á dita persoa. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iniciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-O xefe do centro no que cause baixa a persoa seleccionada, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO

Apelidos e nome: Gil de Bernabé Sánchez, José.
NRP: 3277248913 A2064.

Grupo: A.

Denominación do posto de traballo: director coordinador de laboratorio.

Código do posto de traballo: MA.C04.00.004.15001.001.
Centro directivo: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Localidade: A Coruña.

Corpo/escala: xeral/especial.

Nivel: 28.

Complemento específico: 16.202,58 euros.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Hospital Virxe da Xunqueira.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do